




a fórmula infalible



Samuel L. París
a fórmula infalible
<http://pararaparis.wordpress.com>

a fórmula infalible

a fórmula infalible para escribir un poemario
é a fórmula de escribir un poemario

nos poemarios fabricase a poesía

os cans non escriben sonetos
as cebras non escriben romances

os poemarios son demasiado humanos
mais iso non ten moito mérito

a fórmula infalible para escribir un poemario
é a fórmula de escribir un poemario

o día das letras galegas é un insulto

para ler un poemario coma este
precisas moi pouco

aínda que sexas unha muller morena de metro e medio
aínda que sexas un home moreno de metro e medio
aínda que esteas nun incendio
aínda que comas pingüín

precisas moi pouco

a mellor fórmula para ler un poemario
é a fórmula de ler un poemario

escribir un poemario é bastante similar
a escribir outras cousas

un correo a alguén que che adebeda diñeiro
un whatsapp a un excompañeiro de traballo
un post-it mira que ao final xa ceo fóra

a fórmula infalible para escribir un poemario
é a fórmula de escribir un poemario

desde o momento no que dis que é poesía
é poesía

a poesía é o que ti queiras
ou o que as imbéciles digan que é poesía

somos todos uns imbéciles

escribe un poemario e mata un gato

desconfia dos poemarios que che recomierda a xente

a poesía é unha pequena casa de prostitutas

repíteo

a poesía é unha pequena casa de prostitutas

a poesía viaxa
en inmensos camiións canda caixas cheas de millo e gasolina

nos poemarios
fábrícanse as mentiras

nas mentiras
fábrícase a poesía

a poesía é un balón desinchado

a fórmula infalible para escribir un poemario
é a fórmula de escribir un poemario

camiñar pola zona nova de compostela ás tres e media dun domingo

a poesía é unha tremenda casa de putas

nos poemarios
fabrícanse as mentiras

nas mentiras
fabrícase a nosa humanidade

da nosa humanidade
sae a tremenda casa de putas que é a poesía

la poesía es un cagar tonto
un pedo con un dedo pequeñito metido en el culo
una meadita en el ombligo de tu padre

a fórmula infalible para escribir un poemario
tacón
tacón-puta-lacón